10	Espina & Delfín, S.L.	53,31	1,58	54,89
11	Excavaciones y Obras Melchor, S.L.	46,28	8,03	54,31
12	Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L.	43,03	3,94	46,97
13	Construcciones Fermín Simal, S.L.	42,16	2,76	44,92
14	Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.	27,06	16,56	43,62
15	Río Sieira, S.L.	19,00	21,29	40,29
16	Vías y Servicios Generales, S.L.	8,00	13,98	21,98


Unha vez concluída a fase de valoración inicial a Mesa de Contratación, na súa citada reunión de data 09/02/2017, acordou abrir a fase de negociación prevista na cláusula 15.4.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente de contratación.

As invitacións para presentar unha segunda oferta económica que mellore a primeira foron cursadas por medio de escritos da Alcaldía da data 13/02/2017, que foron rexistrados de saída na mesma data e notificados por correo electrónico.

O acto público de apertura das segundas ofertas económicas (fase de negociación) de cada licitador celebrouse pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 20/02/2017, ofrecendo o seguinte resultado:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA VALOR ESTIMADO (sen IVE)
Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L.	mantén 1ª oferta (79.553,90 euros)
Construcciones Fermín Simal, S.L.	mantén 1ª oferta (80.165,29 euros)
Tarrío y Suárez, S.L.	59.565,95 euros
Espina & Delfín, S.L.	59.402,75 euros
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	55.575,84 euros
Vías y Servicios Generales, S.L.	53.038,17 euros
Excavaciones Nima, S.L.	59.168,89 euros
Nemesio Ordóñez, S.A.	61.083,66 euros
Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.	mantén 1ª oferta (72.000,00 euros)
Río Sieira, S.L.	mantén 1ª oferta (68.015,20 euros)
Construcciones Oñal, S.L.	60.667,51 euros
Excavaciones y Obras Melchor, S.L.	63.523,41 euros
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	58.178,80 euros
Canarga, S.L.	59.421,49 euros
Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	mantén 1ª oferta (66.297,70 euros)
Obras y Viales de Galicia, S.L.	60.677,69 euros

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas económicas presentadas polas



empresas "Construcciones Ponciano Nieto, S.L.", e "Vías y Servicios Generales, S.L." deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a alcaldía, por decreto da data 21/02/2017, resolveu dar audiencia ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días naturais xustificasen as súas ofertas, en base ós criterios obxectivos indicados no mencionado Decreto.

Dentro do prazo concedido presentou documentación para xustificar a súa oferta económica a empresa "Construcciones Ponciano Nieto, S.L." (que tivo entrada no rexistro xeral do Concello na data 24/02/2017 co número 3.018), non constando que presentase documentación a outra empresa requirida "Vías y Servicios Generales, S.L."

Con data 14/03/2017 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra "Renovación de servizos e pavimentación da Rúa Pinisqueira (Aguíño), no que conclúe que:*

"Na documentación presentada por Construcciones Ponciano Nieto, S.L. expón os motivos especialmente vantaxosos que lle levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.

Por outro lado, considerase que a empresa Vías y Servicios Generales, S.L. non aporta documentación que xustifique a baixa temeraria na que incorreu"


E segundo o exposto propón *"aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Construcciones Ponciano Nieto, S.L. e excluír á empresa Vías y Servicios Generales, S.L. do proceso de licitación".*


A vista do citado informe técnico, a Mesa de Contratación, en reunión celebrada na data 31/03/2017, procedeu a realizar un novo cálculo das puntuacións das ofertas, de acordo coa fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela que figura no Anexo V do Prego de cláusulas administrativas particulares, cuxas puntuacións foron calculadas a través da aplicación informática dispoñible na Web oficial da Excm. Deputación Provincial da Coruña, excluíndose do dito cálculo á empresa excluída "Vías y Servicios Generales, S.L."

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na citada reunión da data 31/03/2017 e vista a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato, e de acordo cos antecedentes expostos, a Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 06/04/2017, adoptou os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 14/03/2017 así como da documentación presentada pola empresa como xustificación da súa oferta:

a. Considerar xustificada a oferta económica presentada por





"Construcciones Ponciano Nieto, S.L."

- b. *Non considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa "Vías y Servicios Generales", excluíndoa, polo tanto, da licitación.*

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación da "Renovación de servizos e pavimentación da Rúa Pinisqueira (Aguíño)", do seguinte xeito:


Nº	LICITADORES	PUNTUACIÓNS		
		Sobres "B"	Sobres "C"	Suma Total
1	Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	60,50	30,00	90,50
2	Canarga, S.L.	63,31	26,10	89,41
3	Nemesio Ordóñez, S.A.	64,00	24,41	88,41
4	Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	55,63	27,36	82,99
5	Obras y Viales de Galicia, S.L.	57,63	24,82	82,45
6	Construcciones Oñial, S.L.	56,19	24,83	81,02
7	Tarrío y Suárez, S.L.	54,13	25,95	80,08
8	Espina & Delfín, S.L.	53,31	26,12	79,43
9	Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	55,63	18,69	74,32
10	Excavaciones y Obras Melchor, S.L.	46,28	21,94	68,22
11	Excavaciones Nima, S.L.	34,06	26,35	60,41
12	Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L.	43,03	2,50	45,53
13	Construcciones Fermín Simal, S.L.	42,16	1,75	43,91
14	Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.	27,06	11,72	38,78
15	Río Sieira, S.L.	19,00	16,59	35,59

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requirir a "Construcciones Ponciano Nieto, S.L.", que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16.2 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 20/04/2017.



Dentro do prazo concedido a empresa "Construcciones Ponciano Nieto, S.L." presentou a documentación requirida (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 03/05/2017 co número 7.158), entre a que se inclúe no que respecta a garantía definitiva fotocopia da carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 03/05/2017 (nº operación: 2017 33002657), xustificativa de constitución de aval de Afigal (R.E.A. nº 48741) como fianza do contrato por importe de 2.778,79 euros.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión celebrada na data 09/05/2017.

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- Excluír da licitación a empresa "Vías y Servicios Generales, S.L.", por non considerar xustificada a súa oferta económica.


TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 16 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 06/04/2017, **adxudica-lo contrato para realiza-las obras do proxecto de "Renovación de servizos e pavimentación da Rúa Pinisqueira (Aguíño)" á empresa "Construcciones Ponciano Nieto, S.L." (NIF número B-15293145), nas seguintes condicións contractuais:**

a) **Prezo total do contrato: 67.246,77 euros (Base: 55.575,84 euros; IVE 21%: 11.670,93 euros).**

b) **Prazo de execución: 4 meses, segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data decembro de 2015.**

CUARTO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formaliza-lo correspondente contrato en documento**





administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

QUINTO.- Designar como Directora das obras a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

SEXTO.- De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 28/04/2017 **"Decreto: Designación do Comité de Expertos para valorar as ofertas técnicas de licitación do proxecto denominado "Instalacións, remate e urbanización exterior do Centro Social Multiusos de Carreira"."**

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 08/05/2017 **"Decreto: Requirimento para xustificación de ofertas económicas, en principio, anormais ou desproporcionadas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato de obras de "Remodelación e mellora do Parque Urbano de Pedra Pateira (Riveira)""."**

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por Juan Manuel Martínez Vilas, de data 28/12/2016 (Rexistro de entrada nº 16.044), no que solicita a devolución da cantidade de 78,13 € por solicitude de licenza de obra para peche de parcela en Outeiro-Artes.





A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 18/01/2017, ao informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 08/05/2017, así como ao informe de devolución de ingresos do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 08/05/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- ACEPTAR A RENUNCIA da solicitude licenza urbanística municipal de obra presentada por Juan Manuel Martínez Vilas, **DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.**

Segundo.- Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra (Expediente de obras nº 578/2016, formulada por Juan Manuel Martínez Vilas, coa seguinte contía: **35,00 €**.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- Visto o escrito presentado por **Ángela González Queiruga**, de data 20/02/2017 (Rexistro de entrada nº 2.688), no que solicita o arquivo de expediente de solicitude de licenza de obras para reconstrución de peche de finca no de Xenxides-Oleiros nº 13, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 03/03/2017, e ao informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 08/05/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- ACEPTAR A RENUNCIA da solicitude licenza urbanística municipal de obra presentada pola Sra. Ángela González Queiruga, **DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.**

Segundo.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Josefa Fernández Lampón**, de data 04/05/2017 (Rexistro de entrada nº 7.261), no que solicita certificación de que non ten aberto expediente de infracción urbanística.





A Xunta de Goberno Local, visto o informe xurídico do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 08/05/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración dende o 1 de xaneiro de 2000 ata o día da data, infórmase que non consta pendente de resolver ningún expediente de disciplina urbanística que afecte a edificación construída ao amparo da licenza de obras nº 463/00 concedida pola Comisión de Goberno en sesión de data 26 de outubro de 2010, sita en parcela con refª catastral nº 15074A022005000000KU e 15074A022004990000KU no Lugar de A Cerca, Os Castelos, Aguiño, Riveira, propiedade da Sra. Josefa Fernández Lampón.

2.- CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA SESIÓN CELEBRADA EN DATA 16/03/2017.

Visto o escrito presentado por Milagros Rey Pérez en representación da **Asociación Ambar**, de data 04/05/2017 (Rexistro de entrada nº 7.277), no que solicita a emisión de novo informe no que se corrixa un erro no acordo da Xunta de Goberno local da sesión celebrada en data 16/03/2017, en concreto no seu punto 1) onde se indica que a data de concesión da licenza foi o 12/12/2000, cando realmente sería 12/12/2002.


A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á corrección do citado erro resultado a redacción do citado acordo tal como segue:

"VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

2.- Visto o escrito presentado por Milagros Rey Pérez en representación da Asociación Ambar, de data 01/03/2017 (Rexistro de entrada nº 3.214), no que solicita informe relativo á vixenza de licenza para construción de edificio destinado a centro ocupacional en Frións (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 08/03/2017, por unanimidade dos presentes, acorda informar á solicitante como segue:

En relación ó asunto que figura no presente encabezamento, de acordo cos datos facilitados polo solicitante (informe-certificado da arquitecta da obra de data de 24.02.2017), examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:





- 1) Con data de 12 de decembro de 2002 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza á Asociación de minusválidos do Barbanza "Ambar" para a construción dun edificio destinado a centro ocupacional e de formación de minusválidos a emprazar no lugar de Frións, Riveira.
- 2) A día de hoxe, e de acordo co informe anexo emitido pola arquitecta autora do proxecto e directora da citada obra, a edificación está en fase de execución, estando pendente por executarse unha porcentaxe sobre a totalidade da obra autorizada no seu día do 18,40 %.
- 3) Por outra banda, cabe indicar e a partires da solicitude formulada, que ata a data non se ten declarada a caducidade da licenza por parte do Concello, polo que enténdese que a licenza mantén a súa vixencia e eficacia."

3.- En relación ao acordo do Pleno do Concello de Riveira en sesión celebrada na data 24 de novembro de 2016 polo que se aproba a adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, infórmase que segundo informe emitido na data 05/05/2017 polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño e que a continuación se transcribe, o termo municipal de Riveria conta con **62 núcleos rurais o que se informa aos efectos oportunos**

"ASUNTO: INFORME ANEXO AO CONVENIO DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE RIVEIRA Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA (APLU).

PETICIONARIO: ALCALDÍA

DATA DO INFORME: 5 DE MAIO DE 2017

INFORME:


Aos efectos de cumprimentar os datos requeridos pola APLU, e onde se nos demanda se certifique o número de núcleos rurais existentes e delimitados no presente PXOM, aprobado con data de 17.12.2002, ao abeiro da lei 1/97 do Solo de Galicia, e unha vez feitas as oportunas comprobacións sobre a cartografía oficial do planeamento xeral, temos a ben de significar e informar que o número total de núcleos rurais identificados e delimitados no concello de Riveira é de sesenta e dous (62).

Acompañamos copia do índice de planos da cartografía a escala 1/2000, documento integrado dentro do PXOM, e que recolle a totalidade dos núcleos rurais do concello, e distribuídos por parroquias.

En Riveira, a 5 de maio de 2017

Asdo.: Alberto Iglesias Fungueiriño
Arquitecto Municipal"





IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

1.- Visto o escrito presentado por Sergio Sampedro Iglesias en representación de **Xarás Toyota**, de data 09/05/2017 (Rexistro de entrada nº 7.468), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe/taller do establecemento dedicado á venda e reparación de vehículos, sito no Polígono Industrial de Xarás (Riveira).


A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 10/05/2017 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Conceder a **Xarás Toyota** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (6,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe/taller do establecemento dedicado á venda e reparación de vehículos, sito no Polígono Industrial de Xarás (Riveira).

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

2.- Visto o escrito presentado por Francisco J. Rodríguez Rodríguez en representación da **Comunidade de Propietarios de Garaxes Mirador de Padín**, de data 08/05/2017 (Rexistro de entrada nº 7.428), no que a corrección de erros relativo ao acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 24/01/2017, no que se lle concede autorización para instalación dun sinal de vao permanente (6,00 m. (3,00 m. + 3,00 m.)), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmobile sito na Rúa Oito de Marzo (Riveira), cando en realidade se solicitan dous vaos permanentes (3,00 m. + 3,00 m.).





A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á corrección do citado erro resultado a redacción do citado acordo tal como segue:

"XII.- VAOS PERMANENTES.

Visto o escrito presentado por Francisco J. Rodríguez Rodríguez en representación da Comunidade de Propietarios de Garaxes Mirador de Padín, de data 10/01/2017 (Rexistro de entrada nº 260), no que solicita dúas praca de vao permanente para instalar nas entradas aos garaxes do inmobile sito na da Rúa Oito de Marzo (Riveira).

*A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 18/11/2016 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:*

***Conceder** a Comunidade de Propietarios de Garaxes Mirador de Padín autorización para a instalación de dúas sinais de vao permamente (3,00 m. (73 prazas) + 3,00 m. (74 prazas)), con pracas e inscrición de nº de licenza, nas entradas aos garaxes do inmobile sito na Rúa Oito de Marzo (Riveira).*

- De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante."*

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 00170/2017, de data 05/04/2017, remitida polo **Tribunal Superior de Xustiza de Galicia –Sala Contencioso-Administrativo -Sección 004**, relativa ao recurso contencioso-administrativo interposto polo Concello de Riveira contra acordo, de 08/04/2016, ditado pola Xunta Superior de Facenda sobre sanción tributaria derivada de canon de saneamento (Reclamación 6397-C-13/19), e no que falla a estimación parcial do citado recurso, a anulación en parte do acordo de Augas de Galicia e a desestimación do restante.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 00135/2017, de data 27/04/2017, remitida polo **Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela**, relativa ao Procedemento Abreviado 323/2016, e no que falla a desestimación do recurso contencioso-administrativo presentado por Herminia Guzmán Vázquez contra resolución desestimatoria, de 15/09/2015, do expediente 11/2015 R.P.





3.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do auto nº 51/2017, de data 23/03/2017, remitido polo **Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela**, relativo ao Procedemento Abreviado 85/2016, e no que se acorda declarar terminado o citado procedemento por recoñecemento total en vía administrativa das pretensións do recurrente, así como o arquivo das actuacións.

4.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do decreto nº 114/2017, de data 16/03/2017, remitido polo **Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela**, relativo ao Procedemento Ordinario 213/2016, e no que se acorda ter por desistido ao recurrente declarando a terminación deste procedemento, así como o arquivo das actuacións.

5.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do auto nº 50/2017, de data 26/04/2017, remitido polo **Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela**, relativo ao Procedemento Abreviado 49/2017, e no que se acorda declarar terminado o citado procedemento por recoñecemento total en vía administrativa das pretensións do recurrente, así como o arquivo das actuacións.

6.- Visto o escrito presentado por Francisco J. Rodríguez Rodríguez en representación da **Comunidade de Propietarios de Garaxes Mirador de Padín**, de data 27/04/2017, no que solicita a instalación dun espello vial para facilitar a saída que utiliza a CC.PP. do edificio situado na Praza do Oito de Marzo (Riveira).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local en data 01/03/2017, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a instalación dun espello vial situado fronte ao edificio situado na Praza do Oito de Marzo (Riveira), e deberá instalarse sobre a beirarrúa de enfrente á saída do garaxe, ao carón do poste do tendido eléctrico, por considerar idónea esta situación, tanto no sentido da súa funcionalidade como que non supón obstáculo para ninguén.

Así mesmo, deberá ser a comunidade de propietarios do citado edificio a que deberá asumir o custo da súa adquisición e mantemento.

7.- Visto o escrito presentado por **Antonio Miranda Blanco** en representación da **Asociación de Empresarios de Riveira**, de data 10/05/2017





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

(Rexistro de entrada nº 7.572) no que solicita informe previo do Concello de Riveira para remitir á Xunta de Galicia para que emitan autorización para poder desenvolver actividades no período de verán, empezando o 01/06/2017 ata o 15/09/2017, en relación coa ampliación dunha hora sobre os horarios límite de peche establecidos na Orde do 16/06/2005, pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Informar que non se encontra inconveniente en que se autorice a ampliación de horario de peche dunha hora dos establecementos de hostalería do Concello de Riveira no período de verán, empezando o 01/06/2017 ata o 15/09/2017, debido a que este concello está declarado “Municipio Turístico Galego” e que nestas datas é onde se produce unha maior afluencia de visitantes.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos efectos oportunos á Asociación de Empresarios de Riveira e á Xefatura Territorial da Coruña de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

SOLICITUDES DE SUBVENCIONES.

Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Promoción e Dinamización Económica, Manuel Emilio Perez Outeiral**, de data 09/05/2017, en relación á Orde do 2 de maio de 2017, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017 (DOG núm. 87, do 08/05/2017).

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:


Primeiro.- Solicitar a Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao amparo da orde citada anteriormente, unha subvención para a contratación de persoas desempregadas para prestar o seguinte servizo:

SERVIZO DE SOCORRISTAS DE PRAIAS: 35 socorristas a xornada completa (8h/día), durante 3 meses.

Segundo.- Facer constar que as retribucións dos traballadores a contratar serán as que figuran no actual Orzamento Municipal, de aplicación ao persoal laboral do Concello.

Terceiro.- Solicitar a contratación anticipada dos traballadores no caso de que sexa concedida a citada subvención.





APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O CONCELLO DE RIVEIRA PARA A REALIZACIÓN DUN CAMPO DE TRABALLO DENTRO DA CAMPAÑA DE VERÁN DA XUNTA DE GALICIA.

Vistos os antecedentes obrantes na Secretaría Xeral do Concello de Riveira en relación co expediente de referencia e visto os informes emitidos ao efecto polo Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes, Anxo Orellán Fernández, con data 03/05/2017, e polo Responsable da Oficina Municipal de Información Xuvenil do Concello de Riveira (OMIX), Mario Vidal Villar, con data 08/05/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:

Aprobar o borrador do “Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Concello de Riveira para a realización dun campo de traballo dentro da campaña de verán da Xunta de Galicia”, en concreto para a organización dun campo de traballo “Illa de Sálvora” de temática medioambiental, que se desenvolverá desde o 10 ata o 21 do mes de xullo de 2017, na Illa de Sálvora (Riveira).

CESIÓN DA EMBARCACIÓN NON UTILIZABLE, CHAMADA “AREA ALTA”, ADSCRITA Ó SERVIZO DO GAEM, A FAVOR DO CLUB NAÚTICO DE RIVEIRA.

VISTO que o Concello é propietario dunha embarcación non utilizable, chamada “Area Alta”, adscrita ó servizo do GAEM, e que é conveniente para o alleamento do ben referido

VISTO que con data 8 de maio de 2017 polo concelleiro delegado de Seguridade emitíuse Informe do seguinte tenor literal:


“Por el presente escrito se informa que la embarcación llamada “Area Alta” se encuentra en estado ruinoso y no apta para el servicio.

Por otro lado disponemos de una nueva embarcación llamada “Novoa Airoa” cedida por la Axencia Galega de Emerxencias (Axega) al Concello de Riveira.

Se recomienda dar de baja la embarcación “Area Alta” o la cesión de la misma, Se informa del cambio de la contratación del seguro de una embarcación a la otra2.

Solicitamos se lleve a cabo la recomendación arriba expuesta”.

CONSIDERANDO os artigos 7.4, 112, 114, 117 e 118 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, artigos 79 a 82 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 143 da Lei 33/2003, de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, artigo





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

4.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

EXAMINADA a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido en a Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro,

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

PRIMEIRO. Asumir as recomendacións efectuadas polo Concelleiro de Seguridade Cidadá no seu informe de data 8 de maio de 2017 e ademais efectuar a favor do Club Náutico de Riveira a cesión da embarcación non utilizable, chamada "Area Alta", adscrita ó servizo do GAEM e polos motivos indicados

SEGUNDO. Notificar ó Club Náutico de Riveira o presente acordo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO:-Comunicar o presente acordo ó responsable municipal do GAEM para a súa constancia e efectos.

CUARTO. Anotar o alleamento no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo, unha vez formalizada o alleamento.

CUARTO:-Facultar ó Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Riveira, 11 de maio de 2017

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle